

ESCALETA: VI Concurso de Podcasts - Radio na Biblio

“Un canto á vida de Luísa”

- Bos días!, aquí dende Radio Mende, un día máis Ada, Farruco, Melisa, Clara, Valeria, Xoel, Antón e Nira como técnica de sonido e Xandre co aparello técnico! Hoxe cun Canto á vida de Luísa Villalta.
- Ada, ti sabes que día é hoxe?
- Sii, hoxe é 17 de maio, un gran día para a nosa Lingua.
- Celebramos as Nosas Letras
- E ti sabes a quen está dedicado?
- Luísa Villalta, unha escritora con Alma de Violino.
- Por que dis iso?
- Porque foi unha escritora que dende a observación da natureza que a rodeaba e a música do seu violín foron agromando verbas que gardan memoria...
- Luísa foi unha nena que naceu na Coruña no ano 1957
- Foi unha nena moi curiosa, observadora e soñadora a que lle gustaba moito a música
- Co seu violino e a súa imaxinación era quen de crear palabras que contaban historias
- Luísa creadora de música, escritora, poeta, narradora, profesora, artista...
- Defensora da nosa lingua, dos dereitos, da igualdade...
- Motivounos coas súas propostas a respectar a natureza, amala, escoitala...
- escoitar para crear dende o silencio
- E o legado máis importante que nos deixou foi transmitirnos a paixón pola nosa lingua, pola nosa cultura, por Galiza e o compromiso de construír un mundo mellor

- E como ela dicía: O saber é a chave que abre o pasado e conecta o presente co futuro
- Luísa converteuse nunha estrela o 6 de marzo de 2004 deixándonos unha gran pegada coas súas obras para que continuemos a historia e sigamos construíndo o noso futuro.
- Concerto para un home só
- O paseo das esfinxes
- O outro lado da música, a poesía
- Papagaio
- As chaves do tempo
- Silencio, ensaiamos!
- En concreto
- Música reservada
- As certezas de Ofelia
- Teoría de xogos
- Ruído
- Modulación de Orfeu
- Desperta do teu sono
- Estudo das sombras
- Poética
- Sobre un certo estado de conciencia
- A Música e Nós
- A idade das preguntas
- Rota ao interior do ollo
- Antoloxía poética
- Ata aquí unha gran muller tan polifacética como fascinante
- Anímadevos a seguir lendo algunha das súas obras e tentar crear historias coas verbas da nosa lingua para que sigan perdurando no tempo
- Rapazada de Mende o máis importante, seguides a falar a nosa lingua
- Aquí un anaco da súa obra "Papagaio":

Para todas as portas valía
unha única chave, pesada como a vida.
Por iso sempre estaban abertas as portas da aldea
porque había normas morais
que, unha vez pechadas, ninguén era quen de abrir máis.
Para todas as linguas
o silencio era tamén unha porta lenta
cacarañada de verme,
tan antiga como a maldición familiar
sobre a caste das mulleres
que nunca han de ser casadas.
Apesar do silencio,
abondaba mirar como miran as fechaduras vixiantes
aos ollos de todos nós
para saber que o muíño non moe para atrás
nen devolve o grao á mazaroca.
Por suxeitar a deshonra,
o pai e nai xa nunca non me falaron máis.
Eu nunca souben quen dos dous botou a chave
que pechou tras de min a porta do mundo
e me obrigou a saír sen encontrar a saída.
(Papagaio, 2006 – este libro leva ilustracións de Maribel
Longueira)

MÚSICA: A BANDA DA LOBA ft Tomé Mouriño - Cruel filosofía (Luísa Villalta) +

Intro da nosa Radio na Biblio